



## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

### Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

Resolución de 29 de maio de 2002, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña pola que se resolve o expediente nº 371 que afecta ó monte "Leguiña", do lugar de Mazaricos de Arriba, parroquia de Mazaricos, concello de Mazaricos:

"Reunido o 29 de maio de 2002 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia do delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, D. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes, coa asistencia dos vocais, Josefa Fernández Fernández, xefa do Servicio de Montes e I.F., Alfonso Vázquez Castro-Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta de Galicia, Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, José Manuel Caramés Franco, representante das comunidades veciñais de Montes en Man Común, e da secretaria Ana María Díaz López, xefa do Servicio Xurídico da Delegación de Medio Ambiente da Coruña, para estudar e resolve-lo

Expediente: 371  
Monte: Leguiña  
Comunidade: Lugar de Mazaricos de Arriba  
Parroquia: Mazaricos  
Concello: Mazaricos

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Os veciños do lugar de Mazaricos de Arriba, parroquia de Mazaricos, concello de Mazaricos, solicitaron deste Xurado, con data 19.09.2000, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 12,80 Ha.  
Lindeiros:

É parte do monte Aro, nº 103-B do C.U.P.

NORTE: Con mais monte Aro, seguindo balado de terra que vai desde o punto denominado "Riba do Camiño de Lago", situado a 168 m. en dirección norte do piquete 73 do deslindamento do monte Aro ata o punto denominado "Campo Redondo", situado entre os piquetes 19 e 20. LESTE: Monte Sta. Mariña, desde o punto "Campo Redondo", entre os piquetes 19 e 20, ata o 23 seguindo a orde de piquetes. Propiedades particulares de veciños de Atán e Mazaricos de Arriba, desde o piquete 23 ao 27, no cruzamento de Cabalo Morto, seguindo

a orde de piquetes. SUR: Monte veciñal de Serráns, seguindo unha liña recta duns 190 m. que vai do piquete 27, no cruzamento de Cabalo Morto, ata o 66. OESTE: Propiedades particulares de veciños de Mazaricos de Arriba, do piquete 66 ao 73 seguindo a orde de piquetes, e deste último segue 168 m. na liña do deslindamento ata chegar ó punto "Riba do Camiño de Lago".

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 10.05.2001, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructora del a Ana María Díaz López, quen aceptou expresamente o dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamientos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Mazaricos, ó xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 175 de 10.09.2001), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.

3º. Os veciños de Mazaricos de Arriba fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que viñan aproveitando de forma consuetudinaria en réxime de comunidade sin asignación de cotas, segundo os usos e costumes, o monte correspondente a dito lugar. Aportan copia de documentos onde hai referencias á existencia do monte veciñal.

4º. Publicados os edictos, e transcurrido o prazo para posibles reclamacións, non houbo presentada alegación algunha contra o presente expediente.

5º. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños do lugar de Mazaricos de Arriba son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).


4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do expresado no punto anterior, que ven avalado polo informe aportado polo Servicio de Montes e I.F. desta Delegación, onde hai referencia aos aproveitamentos realizados pola comunidade solicitante, dedúcese que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal do lugar de Mazaricos de Arriba, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta do Instructor,

ACORDA calificar como veciñal en man común o monte Leguiña, de pertenza do lugar de Mazaricos de Arriba, parroquia de Mazaricos, concello de Mazaricos. Asimesmo, acordase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Medio Ambiente da Coruña".


A Coruña, 12 de xuño de 2002

Vº e Pr.  
O PRESIDENTE DO XURADO,




Asdo. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes

A SECRETARIA DO XURADO,



Asdo. Ana María Díaz López





**DESLINDE TOTAL DEL MONTE "ARO"**

Nº 103-B DEL CATALOGO DE UP  
 PARROQUIA DE SAN JUAN DE MAZARICOS  
 AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS

ESCALA 1:5.000

<b>CABIDA TOTAL</b>	<b>167,46 Ha</b>
<b>CABIDA ENCLAVADOS</b>	<b>10,01 Ha</b>
<b>CABIDA PÚBLICA</b>	<b>157,45 Ha</b>

**CABIDA ENCLAVADOS**

ENCLAVADO A	0,47 Ha
ENCLAVADO B	0,38 Ha
ENCLAVADO C	5,18 Ha
ENCLAVADO D1	3,03 Ha
ENCLAVADO D2	0,95 Ha

**MONTE ARO Nº 103-B DO C.U.P. CONCELLO DE MAZARICOS CUADRO DE SUPERFICIES (Has)**

PERTENENCIA	ELENCO	Sup Total	Sup Enclavados	Sup Comarcas
ABELLEIRAS	C-21756-3	7,25	3,98	21,50
PARCELALAGO		25,48		0,00
CONCELLO	C-21756	5,00	5,19	5,00
CANAL ESCURO		25,40	23,40	20,20
LEIOLANA		12,80		12,80
SERRANS	C-21756-2	38,95	0,85	37,20
INGLA	C-21756-1	22,00		22,00
<b>TOTAL</b>		<b>167,46</b>	<b>10,01</b>	<b>87,70</b>

Datos: xullo de 2003

MONTE "ARO"  
 AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS  
 LA CORUÑA, ENERO DE 1962  
 EL INGENIERO OPERADOR

NOTA: Los numeros entre Parentesis corresponden al Apdo del Monte Santa Maria Nº 103 L. del C.U.P.